
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	<b>PE 410A 2010/1-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE CARIÑO	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	POLIQUETOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA	

<b>Especies</b>	<i>Lumbrineris impatiens</i>
<b>Ambito do plan</b>	Ámbito territorial das confrarías de Cariño e Espasante (de Pedra Barcelona a Punta Vilardeira, agás os bancos de Ortigueira-Ladrido)
<b>Subzonas de explotación</b>	A.- de Punta Gabeira a Punta do Castro B.- de praia de Cariño a Punta do Fraile C.- de Illa de San Vicente a Punta Espasante D.- de Punta Espasante a Tres Martas E.- de Tres Martas a Punta Vilardeira

Participantes no plan de Explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	-	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	1	3

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	90											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	Mergullo en apnea											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
			X	X	X	X	X	X	X			

Topes de captura <sup>(6)</sup>		
<b>Especies</b>	<b>A pé (exemplares/mariscador/día)</b>	<b>Embarcación (indivi/mergullador/día)</b>
<i>Lumbrineris impatiens</i>	-	800

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo en apnea. Unicamente poderá realizarse a extracción a man, podendo axudarse cunha panca.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Local habilitado na lonxa de Cariño
<b>Puntos de venda</b>	



### Outras consideracións

**Ámbito do plan:** Correspóndese co ámbito territorial das confrarías de Cariño e Espasante, a excepción dos bancos de Ortigueira-Ladrido do ámbito territorial da confraría de Espasante para os que foi presentado un plan de explotación de poliquetos a pé (*Arenicola marina* e *Diopatra neapolitana*).

**Participantes:** Este plan inclúe unha única embarcación, asociada á confraría de pescadores de Cariño, con dous mergulladores enrolados, sen embargo, non hai ningunha embarcación na confraría de Cariño co recurso específico-poliqueto no seu permiso de explotación.

Xa que se trata dun plan de nova implantación considérase moi axeitada a proposta de limitar a explotación neste primeiro ano a 1 embarcación con 3 mergulladores. A selección farase de conformidade coa Resolución do 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños, pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos.

Unha vez rematado o proceso de selección e concesión de permex, e con anterioridade á primeira solicitude de apertura mensual deberán presentar a documentación dos mergulladores enrolados que terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Así mesmo, deberán elaborar o plan de seguridade e presentar a súa aprobación pola autoridade marítima correspondente. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.